

## QUE É UN SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ?

Un conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, á súa familia e á súa contorna, e que ten por obxectivo dar resposta canto antes ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social.

## QUE SON OS TRASTORNOS DO DESENVOLVEMENTO?

Son situacións nas que, como consecuencia dunha alteración das estruturas ou funcións corporais, de restricións na participación social ou a causa de factores do contorno, se produce unha desviación ou atraso significativo no desenvolvemento das capacidades, adquisicións e recursos persoais típicos nos nenos e nenas.

## CON QUE PROFESIONAIS CONTA?

Cunha psicóloga, unha terapeuta ocupacional e unha logopeda. Ademais, todos os profesionais do centro de apoio psicopedagóxico e educativo Letras de Cores estarán á disposición do neno ou nena para completar calquera outra necesidade que se presente.

## COMO SE TRABALLA?

Primeiro, realizarase unha valoración individual. A partir da confirmación do caso, iniciarase a valoración e intervención interdisciplinar a través das seguintes fases: acollida, valoración, intervención e avaliación.

## COMO SOLICITAR CITA?

A través dos Rexistros municipais ou da sede electrónica, dirixindo a solicitude á Concellería de Sanidade. É un servizo gratuíto e de libre acceso para persoas empadroadas en Cambre.

## LOCALIZACIÓN

### Letras de Cores.

Catro Ventos S/N, 1º B, Lugar A Xira.  
15181 · Cambre, A Coruña.

## +INFO

[atenciontemprana@cambre.org](mailto:atenciontemprana@cambre.org)

698 183 992 / 604 055 388



# ATENCIÓN TEMPERÁ



SERVIZO DE **ATENCIÓN TEMPERÁ** PARA NENOS E NENAS DE **0 A 6 ANOS**